

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VEDRA

##### Secretaría-Intervención

*Anuncio licitación adxudicación de 3 licenzas de taxi (unha delas con vehículo adaptado) no Concello de Vedra*

##### ANUNCIO

**Anuncio licitación para a adxudicación de 3 licenzas de taxi (unha delas con vehículo adaptado)no Concello de Vedra**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día doce de novembro de dous mil dezanove, aprobou o expediente e o seguinte Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación, mediante procedemento aberto, de tres licenzas de taxi (unha delas con vehículo adaptado).

O prazo de presentación de propostas será de quince días naturais , contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia

##### PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

**ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE 3 LICENZAS DE TAXI ( UNHA DELAS CON VEHÍCULO ADAPTADO) NO CONCELLO DE VEDRA**

##### Primeira.-Obxecto.

É obxecto desta convocatoria a adxudicación de tres novas autorizacións interurbanas de taxi (1 licenza para taxi adaptado para o uso de persoas con mobilidade reducida e 2 licenzas para taxi normal) de conformidade coa:

Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres aprobado por Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

Regulamento nacional dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros, aprobado por Real decreto 763/1979, do 16 de marzo.

Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.

##### Segunda.-Procedemento de adxudicación.

A forma de adxudicación das licenzas de taxi será o procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación, de acordo co artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

##### Terceira.-Condicións de participación.

Poderán optar á adxudicación da expresada licenza os condutores en quen concorran as seguintes circunstancias persoais e profesionais:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.
- c) Estar en posesión do permiso de conducir de clase B ou superior.
- d) Acreditar, no caso das persoas xurídicas, que os condutores que prestan os servizos teñen o certificado esixido pola lei.

e) Acreditar a titularidade do vehículo en réxime de propiedade, alugueiro, arrendamento financeiro, renting ou outro réxime admitido pola normativa vixente. (Admítese como documento, o compromiso de dispoñer da titularidade do vehículo -en calquera destas modalidades- antes da adxudicación da licenza obxecto desta bases. Nese caso deberán acreditar a efectividade dese compromiso no prazo de 10 días hábiles que se contempla no punto 7.3 destas bases)

f) Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que se pretenda dedicar para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente.

g) Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente.

h) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.

i) Non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

j) Non ter cometido delito algún durante os dous anos inmediatamente anteriores á data de solicitude.

#### **Cuarta.- Presentación de ofertas/proposicións.**

As ofertas presentaranse no Concello de VEDRA en horario de atención ao público, dentro do prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

Durante este prazo poderá tamén exercerse o dereito de impugnación destas bases. De selo, quedará suspendido o prazo de presentación de proposicións ata a resolución das impugnacións presentadas.

As proposicións poderán presentarse por correo, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo, deberá xustificarse a data de imposición do envío na oficina de Correos e comunicarllo ao concello mediante correo electrónico ao enderezo correo@concellodevedra.com

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "LICITACIÓN: 1 LICENZA DE TAXI CON VEHÍCULO ADAPTADO DO CONCELLO DE VEDRA" ou "LICITACIÓN: LICENZA DE TAXI DO CONCELLO DE VEDRA", segundo o caso.

A denominación dos sobres é a seguinte:

-**Sobre "A":** Documentación administrativa.

Os seguintes documentos, que deberán ser orixinais ou copias autenticadas:

a) Documento de acreditación da identidade do solicitante.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán copia notarial do poder de representación.

b) Permiso de conducir.

c) Documentos que acrediten a titularidade do vehículo en réxime de propiedade, alugueiro, arrendamento financeiro, renting ou outro réxime permitido pola normativa vixente.

d) Documentos que acrediten a antigüidade do vehículo e a capacidade máxima, debendo achegar o permiso de circulación, o certificado de características e tarxeta de inspección técnica.

e) Declaración responsable segundo este modelo:

"D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI ....., con enderezo en ....."

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura).

Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE:**

Estou ao corrente coas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e que non teño débedas co Concello de Vedra e se resultado adxudicatario achegarei os certificados oficiais ao respecto.

Non estou incurso en prohibicións para contratar, segundo o disposto nos artigos 71 a 73 da Lei 9/2017 (LCSP).

Cubro a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente e se resultado adxudicatario achegarei a correspondente póliza.

Non padezo enfermidade ou defecto físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión e se resultado adxudicatario achegarei certificado médico ao respecto.

Non teño cometido ningún delito durante os dous anos inmediatamente anteriores á data de solicitude e se resultado adxudicatario achegarei certificado oficial ao respecto.”

-**Sobre “B”**: Documentación acreditativa referida aos criterios de valoración de conformidade coa cláusula sexta.

#### **Quinta.-Publicidade.**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a lista no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados e as asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de quince días contados a partir da dita publicación.

#### **Sexta.-Criterios de adxudicación.**

Para a valoración das proposicións atenderase aos seguintes criterios de adxudicación:

- a antigüidade como condutor/a de taxi:
  - 0,10 puntos por mes natural completo acreditado de xeito suficiente, ata un máximo de 6 puntos.
- a dedicación previa como taxista:
  - 0,10 puntos por ano completo cotizado con dedicación a xornada completa acreditado de xeito suficiente (para caso de xornadas parciais, acumularanse as horas parciais ata completar os días enteiros), ata un máximo de 5 puntos.
- por ser veciño do municipio ata 5 puntos, tendo en conta a antigüidade, en función do seguinte baremo:
  - menos de 2 anos consecutivos empadroados: 1 punto
  - ata 5 anos consecutivos empadroados: 3 puntos
  - mais de 5 anos consecutivos empadroados: 5 puntos
- que o vehículo se trate dun vehículo adaptado: 1 punto
- que o vehículo teña sete prazas ou mais: 1 punto
- que a licitadora sexa unha muller: 1 punto
- que a dedicación ofertada sexa a tempo completo: 1 punto
- por coñecemento do Municipio, arredores, vías públicas, lugares de interés turístico, oficinas públicas e itinerarios máis directos ao seu punto de destino, que se acreditará mediante entrevista persoal, ata un máximo de 10 puntos.

No caso de empate, este resolverase por sorteo.

#### **Sétima.-Adxudicación.**

1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións e transcorrido o prazo de publicidade previsto na cláusula quinta destas bases, o órgano de contratación procederá ao seu exame e valoración que se realizará en dúas fases:

- a. 1ª fase - valoración dos criterios de adxudicación
- b. 2ª fase - entrevista persoal.

2. Á vista do anterior, formularase proposta de adxudicación en favor dos solicitantes que obtiveran maior puntuación, segundo os criterios establecidos na cláusula sexta destas bases, ou, se é o caso, o que houbese resultado do sorteo previsto tamén nela.

3. Os solicitantes propostos para a adxudicación disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao da notificación de tal circunstancia, para a presentación da documentación correspondente acreditativa do contido da declaración responsable efectuada, de conformidade coa cláusula cuarta destas bases.

4. Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación adxudicará a licenza.

En ningún caso poderá declararse deserta se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran nestas bases.

5. Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar as licenzas dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores.

6. O órgano de contratación estará asistido por unha MESA composta por:

Presidente: Alcalde, ou persoa en quen delegue

Secretario: O Secretario da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Vogais: - dous concelleiros designados pola Alcaldía  
- un experto na materia.

**Oitava.-Obrigas dos adxudicatarios.**

No prazo de noventa días naturais, agás causa debidamente xustificada, contados dende a data da adxudicación da licenza, os seus titulares virán obrigados a prestar o servizo de forma inmediata e co vehículo afecto a este.

Os dereitos e obrigas dos titulares das licenzas son os que nacen destas bases, que terán carácter contractual, e da licenza outorgada polo concello, así como os derivados da lexislación aplicable.

Son obrigas específicas dos titulares das licenzas, entre outras, as seguintes:

– O vehículo destinado á prestación do servizo deberá levar de maneira visible no exterior os signos distintivos do Concello de Vedra e o número de licenza de taxi ó que se encontre afecto, así como unha placa co dito número no interior do vehículo.

– A prestación do servizo será continuada, de tal maneira que os titulares das licenzas facilitarán e darán publicidade a un número de teléfono, para os efectos de poder ser localizado polos usuarios para a prestación do servizo.

– O réxime de tarifas que terán que ser aplicadas polo adxudicatario da licenza serán acordes coa lexislación aplicable.

**Novena.-Conflitos e lexislación aplicable.**

Os litixios derivados destas bases entenderanse sempre sometidos aos tribunais competentes con xurisdición no lugar en que a Corporación adxudicataria ten a súa sede.

No non previsto nestas bases ateranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na lexislación sectorial e complementaria aplicable.

Vedra, 15 de novembro de 2019

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2019/9263